



## CONCELLO DE NARÓN

---

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DA AVALIACIÓN DOS CRITERIOS SOMETIDOS A XUÍZO DE VALOR E APERTURA DO SOBRE 3: OFERTA ECONÓMICA

Reunidos na Casa do Concello, o día dez de maio de 2018, ás 10,45 horas, réunese a Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato denominado “Servizo de limpeza xeral, mantemento xeral dos terreos de xogo, servizo de control de accesos do estadio municipal e campo anexo e pequenos traballos de mantemento do Estadio de Río Seco-Narón” formada por Dna. Marián Ferreiro Díaz (alcaldesa), que actuará como presidenta; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (secretario xeral); Dna. M. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación); D. Román Romero Franco, concelleiro delegado de Deportes e D. Rafael Flores Veiga, administrador-xerente do Padroado de Deportes, que actuarán como vogais, e por último Dna. Susana María Barbeito Míguez, xefa do Negociado de Obras (en substitución do xefe da Sección de Contratación), que actúa como secretaria da Mesa.

De conformidade co establecido na cláusula 2.2.7.3 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiu unha representante da empresa Limpiezas Manser SL.

Sendo as 10 horas e 45 minutos da data sinalada no encabezamento, a secretaria procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe de valoración de ofertas.

Concluída a lectura do citado informe, a Presidencia inicia a apertura dos sobres “3” relativos aos criterios avaliados de xeito automático, que conteñen os seguintes prezos unitarios:

- Clece SA: 16,80 euros (IVE non incluído).
- Limpiezas Manser SL: 18,60 euros (IVE non incluído).
- Jardinería Arce SL: 17,88 euros (IVE non incluído).

As tres ofertas conteñen ademais a descomposición deste prezo ofertado tal e como esixe a cláusula 2.2.4.3 do prego de cláusulas administrativas particulares,



## CONCELLO DE NARÓN

---

documentación que se remite ao técnico responsable do contrato para o seu análise.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu a secretaria dou fe, asinando comigo os membros da mesa.

A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke.

Marian Ferreiro Díaz

A handwritten signature in blue ink, featuring a large, sweeping initial 'A' followed by several smaller strokes.

Alfonso de Prado Fernández-Canteli

A handwritten signature in blue ink, appearing as a series of connected loops.

M. Pilar Cánzobre Méndez

Román Romero Franco

A handwritten signature in blue ink, with a prominent vertical stroke and several loops.

Rafael Flores Veiga

A handwritten signature in blue ink, consisting of several overlapping loops.

Susana M. Barbeito Míguez